

Instrucións iniciais para o curso 2020-2021

En primeiro lugar, dende o IES Manuel García Barros queremos enviar unha mensaxe de tranquilidade á comunidade educativa: estamos facendo todo o posible para que a volta ás clases sexa segura e proveitosa.

1. Manteremos o horario habitual e o ensino será presencial en todos os niveis.
2. As clases efectivas iniciaranse tras as presentacións, o luns 28 de setembro, e transporte e cafetería funcionarán con normalidade extremando as medidas de seguridade.
3. Reorganizamos o centro co fin de cumprir estritamente as instrucións da Consellería de Educación (aulas, tránsito de corredores e uso de espazos comúns). Unha vez aprobado polas autoridades competentes, publicaremos na web do centro o *Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021*.
4. O alumnado poderá acceder ao centro a partir das 08:35. Teremos habilitadas tres portas de entrada e de saída distribuídas por cursos. O alumnado será informado o día da presentación das pautas a seguir.
5. Non esquezan:
 1. Entregar asinada o día das presentacións a *declaración responsable de autoenquisa clínica diaria* que poden descargar da web. É esencial que comunique ao centro de xeito inmediato calquera información relevante neste sentido.
 2. O uso da máscara é obrigatorio en todo o recinto escolar en todo momento, e o alumnado debe traer outra de reposto.
 3. O alumnado hixienizará as mans ao entrar e ao saír do centro, e ao entrar e ao saír de cada unha das aulas que empregue.
 4. As familias non poden acceder ao centro agás para as xestións imprescindibles, evitando en todo o momento as horas de entrada e saída, e o tempo dos recreos. Nos vindeiros días explicaremos con maior detalle cales serán as canles de comunicación durante o presente curso.

A Estrada, 18 de setembro de 2020

Dirección e Equipo Covid